

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS DO CUARTO CURSO DE EP.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

É importante buscar e establecer contacto con países de fala inglesa para darlles a oportunidade de expresarse en inglés en situación comunicativas da lingua en uso.

Os proxectos que se levarán a cabo axudan a mellorar a competencia comunicativa do alumnado .

Lembraráselle ao alumnado o funcionamento da Aula Virtual e , na medida do posible, traballarase con eles nesta plataforma educativa co fin de poder empregala en caso de confinamento.

Fomentarase en todo o momento entre o alumnado que se manteña a distancia social na aula e a aplicación das medidas hixiénico-sanitarias.

OBXECTIVOS:

1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
3. escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
4. ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
5. aprender a usar con progresiva autonomía tódolos medios ao seu dispor, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
6. valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
7. manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

8. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
9. Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.
10. Desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas, que a lingua comporta.

CONTIDOS:

Bloque 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Estratexias de comprensión:

Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.

Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.

Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.

Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).

Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.

Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.

Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.

Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

Bloque 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

Estratexias de produción:

Planificación:

Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

Execución:

Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses.

Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).

Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.

Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.

Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.

Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.

Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:

Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.

Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).

Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

Bloque 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

Estratexias de comprensión:

Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.

Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.

Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións. Identificación de textos sinxelos: regras de xogos,

algunhas instrucións, carteis da aula...

Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.

Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.

Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).

Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.

Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.

Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

Estratexias de produción:

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

Planificación:

Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ... Iniciarase no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.

Execución:

Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.

Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.

Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.

Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.

Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.

Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma. Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.

Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).

Iniciarase no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.

Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: - Uso dos signos de puntuación máis básicos.

Uso de símbolos de uso frecuente: €, £. - Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas. Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.

Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.

Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.

Funcións comunicativas:

Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.

Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.

Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.

Descrición das rutinas diarias.

Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...

Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.

Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.

Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.

Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.

Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.

Descrición de persoas, plantas e animais.

Expresión básica de desexos.

Formulación de preguntas sobre o desexo.

Expresión de instrucións.

Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.

Estruturas sintáctico-discursivas: - Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...).

Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored),

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

What's your favourite (sport)?

My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is...).

Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.

Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I've/No I haven't).

Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it?, It's (Half) past (one)...).

Descrición das rutinas diarias (I (get up) (at eight o'clock) on (Monday)). Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).

Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.

Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?,

It's (one) pound and (fifty) cents).

Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?).

Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't).

Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).

Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can; No I can't).

Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).

Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing). - Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing? Who's wearing (shoes)?).

Expresión de desexos (I want to (make a cake)).

Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).

Expresión de instrucións (Touch your (legs), Listen, please...).

Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...). - Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

Léxico oral de alta frecuencia (recepción e recepción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes,

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents, pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións (rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais, partes do corpo e da cara e partes da casa.

COMPETENCIAS CURRICULARES DE LINGUA ESTRANXEIRA. 2º CICLO.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

COMUNICACIÓN ORAL:

- Comprende o sentido global de textos e mensaxes orais de uso habitual.
- Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
- Interpreta adecuadamente en textos descriptivos os signos de puntuación: punto, coma, puntos suspensivos, signo de interrogación e signo de admiración.

COMPRENSIÓN LECTORA:

- Le en voz alta pequenos poemas, cancións con entoación e ritmo.
- Realiza una sinxela narración seguindo varias ilustracións ordeadas.
- É capaz de compaxinar textos con imáxenes dun cómic sinxelo.
- É capaz de resolver dudas de comprensión de textos mediante a consulta do diccionario.

EXPRESIÓN ESCRITA:

- É capaz de dar e recibir información escrita.
- Comprende o sentido global dun texto.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

- Identifica a idea principal dun texto escrito adecuado ao seu nivel.
- Sabe resumir un texto.
- É capaz de describir formas, aspectos físicos, personas, animais e obxectos do seu entorno familiar.
- É capaz de diferenciar entre lecturas realistas, fantásticas e imaxinarias

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA:

- Utiliza adecuadamente a concordancia de xénero e número entre nome e adxectivo.
- É capaz de empregar o verbo ser e haber.
- Usa o diccionario e distingue o sentido global dunha palabra por o contexto de uso.
- Utiliza as normas ortográficas máis frecuentes en textos de elaboración propia (separación de palabras e uso de maiúsculas en nomes propios e despois de punto)

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

- Buscar, obter, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.
- Analizar de xeito crítico a información obtida.
- Manexar ,na medida do posible a Aula Virtual e outras ferramentas dixitais para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe en caso de confinamento

SOCIAL E CIDADÁ.

- Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersonal e de resolución de conflitos.
- Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

CULTURAL E ARTÍSTICA.

- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

APRENDER A APRENDER.

- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).
- Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

- Actuar con iniciativa e creatividade persoal.
- Desenvolver as habilidades sociais.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As actividades adáptanse ás características dos alumnos, de forma que podan levalas a cabo tendo en conta as súas posibilidades. Asemade, hai actividades de reforzó e ampliación que permiten darlle unha atención individualizada ao alumnado, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe

COMPETENCIA MATEMÁTICA.

Esta competencia consiste, ante todo, na habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e co mundo laboral. A adquisición desta competencia supón, en suma, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

É a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En suma, esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais.

Esta competencia, e partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social tamén saudábel. Son parte desta competencia básica o uso responsábel dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, o consumo racional e responsábel, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsábel dela, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral.

A adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsábel e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos.

As historias fomentan a cooperación e respecto cara aos demais, o traballo en equipo, valorar as opinións dos demais, etc

METODOLOXÍA:

No referente ao dominio lingüístico, seguirase un enfoque fundamentalmente comunicativo e constructivista; polo que se partirá sempre dos coñecementos previos do alumnado (aprendizaxe significativa). Progresivamente irán adquirindo novos coñecementos ata lograr os suficientes que lles permitan acadar una autonomía suficiente na área. Dita autonomía deberá facilitar a correcta utilización da nova linguaxe e que sexan capaces de desenvolverse con fluidez e soltura nas diversas situacións comunicativas que xurdan; así como expresar a súa opinión e desenvolver un espírito

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

crítico para debater sobre aspectos diversos relacionados cos temas traballados no proxectos.

Presentarase a linguaxe de forma contextualizada- mediante contos, novelas, presentación de power point, textos diversos, “role plays”, “statements”, mapas e planos, cadros, fotos, láminas, vídeos, documentais, películas, etc.- para facilitar a súa aprendizaxe e para que sexan capaces de desenvolver estratexias de comprensión (para obter información global e específica) e de expresión (respostar preguntas, describir, explicar, analizar, valorar, debater, interactuar, etc.)

Na actualidade vivimos nunha sociedade plural, intercultural e globalizada, onde o inglés está presente en todas as situacións comunicativas e en todos os ámbitos e acada unha gran relevancia como lingua franca universal. Asemade, o seu coñecemento facilita a mobilidade, tanto de estudantes como de profesionais entre países da Unión Europea, como calquera outro tipo de relación con outros países de fala inglesa.

Por último cabe destacar dous pilares básicos desta programación :

A. ENFOQUE COMPETENCIAL:

O eido do currículo constitúeno os procedementos encamiñados a conseguir unha competencia comunicativa oral e escrita, tanto na lingua galega, castelá como na lingua inglesa en contextos sociais significativos que permitan ao alumnado expresarse con progresiva eficacia e corrección. Nembargantes, non se esquecerá a inclusión doutras competencias como a matemática, a científico-tecnolóxica, a dixital, a social e cidadá, a autonomía e iniciativa persoal, a artística e cultural e dúas máis que son a base das demais competencias para aprender a aprender e a competencia para aprender a emprender.

Terá importancia singular o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación; ben como elemento motivador, como fonte de investigación ou como outro recurso máis, fomentando a realización de actividades multimedia, tanto nos ordenadores, como na pizarra dixital, para mellorar a competencia dixital do alumnado.

B .INTERDISCIPLINARIEDADE E TRABALLO COOPERATIVO:

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

No referente ao ámbito educativo, como se pode comprobar ao longo do proxecto, propoñemos traballar tarefas que fomenten a cooperación ,mantendo en todo momento as medidas hixiénico -sanitarias .

ACTIVIDADES:

- **Listenings:** escoita de textos orais para obter información global ou específica.
- **Readings:** comprensión de textos escritos para obter información global ou específica.
- **Writings:** Producción de textos escritos como composicións, cartas, historias, noticias, temas de actualidade, resumos, biografías, descripciones, lemas, anuncios, etc. Sempre adaptadas ao seu nivel e que teñan coherencia e cohesión.
- **Speakings:** Producción de textos orais adaptados ao seu nivel con boa pronunciación, stress, ritmo e entoación; así como con fluidez e precisión. Ademais de recitado de poesías e cántico de cancións.

Interacción en situación comunicativas orais adaptadas ao seu nivel como diálogos, role plays e dramatizacións, etc

- **Grammar:** Actividades gramaticais, morfoloxía, semántica, sintaxe, ortografía, acentuación, etc

AVALIACIÓN:

A avaliación será inicial ao principio do proceso, formativa durante o proceso e final. Tamén se avaliarán os obxectivos, os contidos, as competencias básicas, a secuencialización das actividades.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
- Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
- Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

- Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
- Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.
- Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
- Amosa unha actitude de escoita atenta.
- 4.Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
- Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros.
- Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
- Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.
- Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
- Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
- Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.
- Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.
- Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.
- Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
- Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
- Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
- Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas e avisos).

- Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).
- Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
- Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.
- Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
- Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica
- Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
- Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
- Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
- Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...
- Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).
- Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
- Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
- Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

- Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais
- Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais semellantes e diferentes á identidade galega (simboloxía, música, festas e xogos tradicionais, ..
2. Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas, ...) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.
3. Captar a información máis relevante e identificar información específica en mensaxes diversas, que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.
4. Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas do intercambio e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

5. Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas, ...
6. Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e nenas en soporte papel e dixital.
7. Producir mensaxes significativas nas que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.
8. Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.
9. Coñecer e empregar funcionalmente algunhas estratexias para aprender a aprender e identificar algunhas características persoais que lle axudan a aprender mellor.
10. Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar con diversas finalidades: exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, inclusión no cartafol propio, achegas a un determinado traballo colectivo en rede, uso como salvapantallas, álbum...
11. Respetar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
12. Amosar confianza e interese por transmitir algúns aspectos da nosa cultura a outros nenos e outras nenas, empregando o idioma estranxeiro a través de formatos e linguaxes diversas valorando positivamente o que podemos ofrecer.
13. Familiarizarse con estratexias que favorezan a creatividade para producir mensaxes próximas, a partir dun contexto concreto utilizando as tecnoloxías da

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

comunicación e a información, a educación artística,...

- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

- Caderno de clase, actividades realizadas , probas escritas e orais , táboas de cotexo e autoavaliación.

- **PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:**

- A avaliación será inicial ao principio do proceso, formativa durante o proceso e final. Tamén se avaliarán os obxectivos, os contidos, as competencias básicas, a secuencialización das actividades, a coordinación entre o profesorado participante e as metodoloxías do proxectos.
- No referente aos instrumentos de avaliación, variarán dende entrevistas persoais ao alumnado a outro tipo de probas obxectivas.

- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

- Deberán superar os estándares esixibles de todas as destrezas comunicativas.

- **DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**

- Realización de probas orais e escritas que inclúan tódalas destrezas comunicativas, aspectos gramaticais, vocabulario e estruturas básicas.

- **AVALIACIÓN DURANTE A CORENTENA OU CONFINAMENTO :**

Valórase positivamente a realización das actividades nos prazos propostos . En caso de xurdir obstáculos que dificulten ou impidan a súa realización estes deben ser comunicados en tempo e forma á mestra co fin de que poida colaborar coa familia na solución dos mesmos. A non realización das tarefas sen ter comunicado as causas que o impediron conleva unha valoración negativa.

Pártese dos coñecementos previos e a avaliación das tarefas realizadas autónomamente polo alumnado durante o período de ensino presencial para a cualificación do traballo realizado durante o tempo do confinamento.

A realización das tarefas e a comunicación entre as familias - alumnado e a mestra durante este período, lévase á cabo a través dos medios dispoñibles : Blogue , Aula Virtual ,

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

correo electrónico ,Tokapp, Abalar , Falemos ou vía telefónica.

RÚBRICAS:

RÚBRICAS BLOQUE 1 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS:

| | | | | |
|---|--|--|---|---|
| Comprensión de textos orais 20% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% |
| Emprega estratexias de comprensión de textos orais e amosa unha actitude positiva. | Skimming: Capta a idea global. ... Respecta ao falante ou interlocutor. | Scanning. Capta información específica ... Amosa unha boa atitude. É receptiv@ | Infire significados e formula hipóteses. ... Respecta a quenda de palabra . | Sintetiza e Transfire Información. ... Valora as intervencións dos demais . |

• **RÚBRICAS BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:**

| | | | | |
|---|---------------------------|---------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Producción de textos orais 20% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% |
| Exprésase con | Exprésase con | Corrección: | Interaciona | Resume, |

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

| | | | | |
|--|--|--|---|---|
| <p>fluidez e cunha boa pronunciación. Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Interaciona utilizando o léxico axeitado. Resume e transcribe a información. Aмосa educación e respecta a quenda de palabra</p> | <p>fluidez e cunha boa pronunciación, ritmo e entoación. Mantén o contacto visual co interlocutor.</p> | <p>Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Demuestra ter nocións, apropiadas ao seu nivel de Sintaxe, Semántica e Morfoloxía ao construír un texto e producir un texto oral.</p> | <p>utilizando o léxico axeitado e mantendo o contacto visual co interlocutor . Aмосa educación cara o mesmo e respecta a quenda de palabra.</p> | <p>sintetiza o escoitado e é capaz de transcribir a información, mantendo o sentido do texto oral</p> |
|--|--|--|---|---|

RÚBRICAS BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:

| Comprensión de textos escritos : 20% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% |
|--|---|---|---|--|
| <p>Emprega estratexias de comprensión de textos escritos. Comprende os temas principais e secundarios. Infire significados formula hipóteses. Le e comprende textos axeitados ao seu nivel e idade.</p> | <p>Skimming: Capta a idea global. Scanning: Capta Información específica. Concéntrase na lectura de textos.</p> | <p>Comprende os temas principais e secundarios.</p> | <p>Infere significados formula hipóteses.</p> | <p>Valora a lingua inglesa como instrumento de comunicación. Le e comprende textos axeitados ao seu nivel e idade.</p> |

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

RÚBRICAS BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

| Producción de textos escritos 20% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% |
|---|--|---|---|---|
| <p>Produce diversos tipos de textos seguindo modelos e partindo de guións con coherencia e cohesión . Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Colabora cos compañeiros na produción dos textos escritos.</p> | <p>Utiliza Elementos Discursivos: Coherencia e Cohesión.</p> | <p>Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Demuestra ter noções, apropiadas ao seu nivel de, Sintaxe, Semántica e Morfoloxía ao construír un texto.</p> | <p>Utiliza o léxico axeitado e escribe cunha boa caligrafía e segue as normas ortográficas básicas. Amona interese.</p> | <p>Produce diversos tipos de textos seguindo modelos e partindo de guións. Colabora cos compañeiros na produción dos textos escritos.</p> |

RÚBRICAS BLOQUE 5 : COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL:

| Coñecemento da lingua e da consciencia intercultural 20% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% | Porcentaxe: 5% |
|---|--|--|---|---|
| <p>Coñece aspectos culturais dos países de fala inglesa. Participa en funcións comunicativas. Realiza diversos tipos de textos orais e escritos. Valora as linguas como instrumentos de comunicación</p> | <p>Coñece aspectos culturais dos países de fala inglesa.</p> | <p>Participa en funcións comunicativas utilizando vocabulario e estruturas gramaticais e funcionais axeitadas ao seu nivel. Amona unha actitude de respecto na comunicación.</p> | <p>Realiza diversos tipos de descrições, argumentacións, dramatizacións, exposicións e narracións, etc. Amona interese.</p> | <p>Valora as linguas como instrumentos de comunicación para aprender a acercarse a outras culturas e respectar outras formas de vida.</p> |

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

TÁBOA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS:

| Speaking / Fala 25 puntos | | Writing/ Escrita 25 puntos | Listening / Escoita 25 puntos | Listening / Letura 25 puntos |
|--------------------------------------|---------------------|---------------------------------------|---|---|
| Pronunciación: | | Oracións : 2 puntos | Infire información: 3 puntos | Infire información: 3 puntos |
| Entoación 3 puntos | Fluidez 3 puntos | Parágrafos : 3 puntos | Comprende a idea global : 5 puntos | Comprende información global : 4 puntos |
| Corrección : 3 puntos | | Coherencia : 3 puntos | Comprende información específica : 5 puntos | Comprende información específica : 5 puntos |
| Gramática : 3 puntos | | Cohesión : 3 puntos | Resume información : 4 puntos | Resume información : 4 puntos |
| Vocabulario : 3 puntos | | Gramática : 3 puntos | Transfire información : 4 puntos | Transfire información : 5 puntos |
| Sintaxe : 4 puntos | | Sintaxe : 4 puntos | Fai hipóteses : 1 punto. | Fai hipóteses : 1 punto |
| Interacción : 3 puntos | | Contido : 4 puntos | Atende e esfórzase por mellorar . 3 puntos | Atende e esfórzase por mellorar : 3 puntos |
| Atitude e respecto : | | Vocabulario : | | |

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

| | | | |
|----------|----------|--|--|
| 3 puntos | 3 puntos | | |
|----------|----------|--|--|

TEMPORALIZACIÓN:

| ENGLISH | 1ST. TERM | 2ND. TERM | 3RD. TERM |
|----------------|---|---|--|
| GRADE 4 | <p>My city. Main buildings. WEIGHTS AND NUMBERS. LETTERS AND PARCELS. WEIGHS AND PRICES. EXPRESS ACTIONS ORALY AND WRITTEN. SPORTS AND ACTIVITIES LIKES/DISLIKES HOBBIES AND FREE TIME. ACTION VERBS. HE FOOD AND DRINK. TYPES OF FOOD. CLASSIFY FOOD. THE FOOD PYRAMID. TALK AND WRITE ABOUT A HEALTHY MENU. HEALTHY HABITS.</p> | <p>THE TIME: WHAT'S THE TIME..??? / WHAT TIME IS IT...??? LIKES AND DISLIKES. CAN I HAVE A...? ASK FOR FOOD AT A RESTAURANT. (ROLE PLAY) HOW MUCH...? / HOW MANY...??? ROLE PLAYS. DIALOGUES. FREE TIME ACTIVITIES. ACTION VERBS. SCHOOL SUBJECTS. MAKING AND READING A SCHOOL TIMETABLE. EXPRESS ORALY AND WRITTEN ORAL ROUTINES. ABILITIES IN</p> | <p>MEANS OF TRANSPORT HOW DO YOU GO TO...? IN THE GARDEN. BEING AWARE OF OUR ENVIRONMENT. GREEN ENVIRONMENTHEL PING THE ENVIRONMENT. BEING FOR OR AGAINST SOMETHING. TYPES OF FILMS. MY TOWN. MAIN PLACES, DESCRIPTIONS. PREPOSITIONS MAP LOCATION/ THERE IS... / THERE ARE.../ THERE ISN'T... / THERE AREN'T.../ IS</p> |

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

| | | | |
|--|---|---|---|
| | <p>PARTS OF THE BODY DESCRIBING ONESELF/ YOUR BEST FRIEND AND DESCRIBING ANIMALS. HAVE GOT... IT IS... WHERE'S THE...??? IT'S IN THE... PREPOSITIONS. LOCATING PEOPLE, ANIMALS AND OBJECTS. CLOTHES... I'M WEARING... YES/NO QUESTIONS WH-QUESTIONS. ADJECTIVES DESCRIPTIVE TEXTS. DESCRIBING PEOPLE AND ANIMALS. REVIEW PRESENT SIMPLE AND CONTINUOUS OF MAIN VERBS, INCLUDING TO BE AND TO HAVE. PRESENT SIMPLE AND PRESENT CONTINUOUS. Special emphasis on Pronunciation SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production)</p> | <p>RELATION TO SPORTS, PLAYING AN INSTRUMENT OR SPEAKING LANGUAGES. MUSICAL INSTRUMENTS. MOODS. WH-QUESTIONS THE TIME. NUMBERS FLAT STANLEY PROJECT Special emphasis on Pronunciation SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production)</p> | <p>THERE ... ARE THERE...??? ACTION VERBS Expressing routines. ADVERBS. LOCATING. PRESENT PROGRESSIVE: WHAT ARE YOU DOING...??? TYPE OF TEXTS: DESCRIPTION AND NARRATION. ARGUMENTATIVE TEXTS TOO. Special emphasis on Pronunciation SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production) Describing feelings with the help of images.</p> |
|--|---|---|---|

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As actividades adaptanse ás características dos alumnos, de forma que podan levalas a cabo tendo en conta as súas posibilidades. Asemade, hai actividades de reforzó e ampliación que permiten darlles unha atención individualizada ao alumnado , segundo as

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe .

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES :

Os textos , actividades , organización e posta en práctica das mesmas a través da aprendizaxe cooperativa , reflicten os diversos valores que queremos traballar na aula : respecto, tolerancia , cooperación , confianza, etc.

Dende a aula de inglés resaltaremos especialmente o respecto cara a outras culturas , outros puntos de vista e outras formas de vida , de pensar e de organizar as súas rutinas , vacacións , festas , celebracións , comidas, etc.

Por último , incidiremos , sobre todo , na interacción oral , na importancia de escoitar á persoa que está falando , repectar as quendas de palabra e as opinións dos demais . É importante aprender a escoitar para poder falar despois e ser respetuoso co interlocutor . Forma parte das normas de educación e comunicación.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC :

Utilización frecuente de recursos multimedia, creación dos mesmos e publicación na páxina web do centro. Emprego das ferramentas telemáticas para continuar coa docencia dende a casa en caso de confinamento.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA :

Atención ao cumprimento das normas de convivencia do centro.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR :

Iniciación nos clásicos da literatura inglesa e lectura de diversos tipos de textos en inglés para mellorar a comprensión e motivalos ao gusto da lectura.

ESTÁNDARES ESIXIBLES :

Comprendan textos orais e escritos sinxelos en Lingua Inglesa , adaptados ao seu nivel para captar a idea do texto , así como para comprender información específica .

Utilicen vocabulario básico e estruturas sinxelas , tanto na comunicación oral como escrita

Produzan textos breves e sinxelos que teñan certa coherencia e cohesión . Utilicen o vocabulario básico correspondente . Utilicen oracións seguindo a estrutura lóxica da lingua inglesa e sobre todo sendo consciente de que en inglés non se omite o suxeito e os textos deben ter un sentido lóxico.

Interactúen en situacións comunicativas sinxelas , sempre adaptadas ao seu nivel ,

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA :INGLÉS NO 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2021-22.

repectando as quendas de palabra e a opinión do interlocutor .

Acaden unha mínima ou básica fluidez e boa pronunciación , ritmo e entoación na comunicación oral.

Amosen respecto cara os seus compañeiros , cara a profesora , así como interese e respecto por outras culturas de fala inglesa

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

Materiais multimedia , flashcards , libros de lectura , contos , cancións , videos , etc

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

- Cúmplense os obxectivos.
- Mellora a competencia comunicativa do alumnado.
- Mellora o interese cara a cultura en lingua inglesa do centro.